

**Excmo Sr. Presidente da**  
**XUNTA DE GALICIA**  
**Praza Obradoiro s/n**  
**15705**  
**Santiago de Compostela**



Santiago de Compostela, 18 de maio de 2012


Estimado Presidente:

Como saberá o sector leiteiro galego está a atravesar unha situación crítica motivada polos baixos prezos que perciben os produtores polo seu leite, e que non se xustifica por razóns de mercado, o forte incremento dos custos de produción, e a forte presión que exerce a gran distribución sobre o conxunto da cadea de valor.

Na reunión da Mesa do Leite celebrada o pasado 20 de abril acordouse, por tódolos presentes, solicitar unha reunión con vostede para que lidere dende Galicia a procura de solucións para o sector lácteo a nivel estatal mediante a convocatoria dunha mesa sectorial na que tamén teñan cabida ademais do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, o Ministerio de Economía e a gran distribución.

É por isto que novamente o emprazamos a manter citado encontro dada a situación de alarmante deterioro económico polo que está a pasar o sector lácteo galego.

Reciba un cordial saúdo,



Francisco Bello  
XXAA



Roberto García  
UUAA



Carme Freire  
SLG